

Cuestionario da película O pequeno salvaxe, François Truffaut

1. Causas da mudez

- ¿Que dúas opinións enfrontadas manteñen o director da escola de xordomudos e o profesor Itard respecto de Víctor e da “causa da súa mudez”?
- Para responder á cuestión formulada, analiza e explica as seguintes secuencias da película: 1ª secuencia: Despois de examinar a Víctor e de constatar a existencia dunha cicatriz no pescozo feita cun “obxecto punzante”, Itard e o director teñen diferentes ideas de porqué se quixeron desfacer do muchacho cando aínda era moi neno. 2ª secuencia: O director da escola de xordomudos e Itard observan detrás dunha fiestra a Víctor que está no xardín e volven emitir distintos diagnósticos acerca da mudez do rapaz. Expón coas túas palabras os argumentos de cada un dos personaxes para explicar o feito de que Víctor non fale.

2. Ser humano

- ¿A partir de que momento o rapaz deixa de ser como un animal (ou unha *besta salvaxe*, como o describen os cazadores) para empezar a comportarse como un ser humano?
- Baseándote na película: ¿que cres que necesitamos os seres humanos para chegar a ser humanos? Dito doutro xeito: ¿como nos convertemos as persoas en persoas? Pon exemplos da longametraxe para xustificar a túa resposta.

3. Linguaxe humana

- ¿Qué papel xoga a linguaxe no filme?, ¿é importante para a formación do ser humano? Contesta á pregunta en base ao caso real de Víctor de Aveyron, pero ten tamén en conta na túa resposta aos rapaces da escola de xordomudos.
- ¿Que nos ensina a película acerca da linguaxe humana: ¿é innata ou adquirida?, ¿ou en parte innata e en parte adquirida?, nese último caso, ¿en que sentido sería

adquirida e en que sentido innata? Responde á cuestión tomando en consideración as distintas etapas polas que vai pasando Víctor na aprendizaxe da linguaxe verbal. Recorda e explica como vai aprendendo os sonidos, as palabras, as letras, a escritura, etc.

4. Cuarto escuro

- Hai dúas secuencias nas que o profesor Itard castiga a Víctor pechándoo no cuarto escuro. A reacción do rapaz é moi diferente en cada caso. ¿Como reacciona Víctor en cada unha destas secuencias?, ¿por que se comporta de xeito tan distinto en cada caso?, ¿que diferentes motivos levan a Itard a castigalo?, ¿que é o que quería comprobar Itard na segunda ocasión en que o mete no cuarto escuro?
- ¿Con que capacidade humana gardan relación esas secuencias do filme?, ¿en que consistiría esa facultade humana?